



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

CIRCULAR 4/2010

- A todas as Delegacións (*)
- Aos clubs e adestradores

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO DE CROSS CORTO POR CLUBES

Ourense, 17 de xaneiro do 2010

Art. 1)- A Delegación da FGA en Ourense organizará o **Campionato Galego de cross corto por clubs** o domingo 17 de xaneiro do 2010 en **Ourense no circuito de Monterrei**.

Art. 2)- Poderán participar atletas das categorías **promesa** (nados en 1988, 1988 e 1990), **senior** (nados en 1987 e anteriores ata veteran) e **veteráns** (dende o día que cumpren 35 anos).

Art. 3)- Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías que se atopan en algunha das seguintes condicións:

- 3.1.- Atletas que ficharan durante a tempada actual (2009/10) por algún Clube pertencente a Comunidade Galega.
- 3.2.- Atletas con ficha pola FGA, inda que pertezcan a Clubs de outras Comunidades Autónomas.
- 3.3.- Atletas nacionais ou extranxeiros convidados expresamente pola FGA, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.
- 3.4.- Admitirase a participación a título individual sempre e cando o atleta se inscriba en prazo e forma non optando a premio

Art.4). Realizarase soamente unha clasificación por equipos conxuntamente con todas as categorías (absoluta) tanto en homes coma en mulleres. E da mesma maneira existirá un título honorífico ao club que obteña a mellor puntuación sumando os puntos da categoría masculina e da feminina. Para poder puntuar por equipos cada Club deberá clasificar a 4 corredores/as que formen o equipo. Cada club terá dereito a formar un só equipo por cada categoría.

Art.5) A forma de clasificación por equipos será a seguinte:

1. Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos (ata un máximo de 6), con exclusión dos que non teñan clasificado ó menos a 4 atletas.
2. Esta lista só estará formada polos atletas dos Clubs que teñan enviado á Federación Galega no prazo previsto.
3. A cada atleta atribuiráselle un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta lista de chegada.
4. Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados de cada equipo.

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

5. Proclamarase vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
6. Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuio carto clasificado teña terminado máis preto ó gañador da proba.

Art.6). Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras:

CAMPIONATO GALEGO DE CROSS POR EQUIPOS			
HORA	CATEGORÍA	SEXO	DISTANCIA
12:50	Senior-Promesa	Mulleres	4.000 m. aprox.
13:15	Senior-Promesa	Homes	4.000 m. aprox.

(* *Os/as atletas veteranos/as poderán participar como atletas da categoría senior e formar equipo, a tódolos efectos.*

Art.7) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da FGA www.atletismogalego.org, como data límite o mércores anterior a competición, ata as 20'00 horas do día **13 de xaneiro**.

Art.8) Os Delegados oficiais dos Clubes, poderán retiralos seus dorsais, ata 45 minutos antes da saída de cada proba na secretaría de competición. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art.9) A orde de colocación dos respectivos equipos na saída establecerase por sorteo.

Art.10) Tódolos atletas deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da saída de cada proba.

Art.11) Entregaranse trofeos ós tres primeiros equipos clasificados en cada unha das categorías.

Art.12) Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo cas normas da I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 5 de xaneiro de 2010

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR

